

Unha entrevista de Esther Garrido



# Jose Manuel Andrade Calvo

ECONOMISTA, PROFESOR  
NA UDC E DIRECTOR DA  
FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

"SON OPTIMISTA SENDO  
CONSCIENTE DE QUE, SOBRE  
TODO O VACÚN DE CARNE, VAI  
SUFRIR UNHA RECONVERSIÓN  
PERO PARA FORTALECELO"

O director da Fundación Juana de Vega, unha das máis comprometidas co estudo do noso agro, defende a viabilidade do sector primario e evita mensaxes catastrofistas. O 21 de decembro, e xunto con Alfonso Ribas, presentaba un **minucioso traballo** de análise do **sector cárnico galego** para o **Foro Económico de Galicia** con propostas moi concretas para mellorar a capacidade de xerar riqueza e acadar un horizonte despexado, se se toman medidas. Beneficios que non só recollerían gandeiros e industrias cárnicas senón un rural que precisa e pode ter -en tantas partes do mundo- **un futuro tan vivo como produtivo**.

**No informe afirmades que hai potencial no sector pero con puntos de mellora, como o sabido relevo xeracional. Por que a xente segue a deixar o campo?**

O abandono do campo estase dando en todo o mundo, aquí e na China. A xente deixa as zonas rurais por factores como a falta de oportunidades ou de servizos. Pero hai opcións rendibles para desenvolver actividades económicas no sector primario e de transformación agroalimentaria, en Galicia temos exemplos en todos os sectores desde o do leite pasando pola carne, a horta e o viño. Outra cousa é a mensaxe negativa que continuamente se transmite dende algúns dos que se erixen como representantes, de que todo vai mal, cando a realidade dos datos indican, na maioría dos casos, o contrario. Pero iso non axuda a atraer xente ao campo.

**Suxerides a posta en marcha dunha FP Dual para axudar a solucionar a falta de man de obra. Estase a estudar? Noutros sectores funciona moi ben.**

O problema témolo en moitos sectores e o primario e a súa industria de transformación non son alleos. A posta en marcha dunha FP dual é unha demanda que fixeron os axentes da cadea de valor do sector cárnico cando elaboramos a Estratexia de Dinamización para a Xunta, e que tamén recolleemos neste documento elaborado para o Foro Económico. Descoñezo se se avanzou na posta en marcha, pero responde a unha demanda real e a unha necesidade específica da industria cárnica, matadoiros e salas de despece, polo que traballar da súa man na implantación sería moi conveniente sobre todo, como ben dis, pola experiencia dos bos resultados da FP Dual noutros sectores.

### E como vedes as axudas a gandeiros novos?

Coido que son suficientes. As axudas de incorporación de persoas mozas ao campo, complementadas coas axudas a investimentos, teñen xogado en Galicia un papel fundamental.

### Falades dun aumento do tamaño das explotacións cando hai unha corrente de presión en contra delas, sobre todo ambientalista e animalista. Como conxugalo?

A tipoloxía das explotacións cárnicas galegas está moi lonxe das macro explotacións que están no foco dos ambientalistas e animalistas. Un exemplo evidente: no sector de vacún de carne temos unhas 19.500 explotacións, o 49 % teñen menos de dez animais entre nais e becerros para a venda e, por suposto, todas con compromiso co benestar animal e o respecto ao medio pola súa condición de cría en extensivo. Pero con ese tamaño de explotación non se pode vivir dela, cómpre gañar tamaño para que a actividade sexa rendible e permita aos propietarios vivir dignamente do seu traballo. Ademais este aumento do número de animais ten que ir ligado ao aumento da base territorial das ganderías para reducir a dependencia da compra de materias primas para alimentación animal.

### Que instrumentos da Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia cumprirá poñer a funcionar?

A lei contempla dous tipos: instrumentos de mobilización, como o Banco de Terras e o Banco de Explotacións, e os instrumentos de recuperación como os polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as agrupacións de xestión conxunta. No caso do sector cárnico os máis acaídos para aumentar a base territorial das explotacións serían os polígonos agroforestais e as aldeas modelo, neste último caso destinadas á cría de ovino, caprino e porcino en extensivo. Nos instrumentos de mobilización sería interesante poñer en marcha o Banco de Explotacións para tratar de garantir a continuidade das viables sen relevo familiar, e evitar a perda de investimento produtivo no rural e o abandono de terras.



"No noso sector vacún o 49 % das explotacións teñen menos de dez animais entre nais e becerros (...) Hai que gañar tamaño para que a actividade sexa rendible e permita aos propietarios vivir dignamente"

As esixencias de xestión encarecen moito os custos. A normativa de benestar animal proposta pola UE disparará o prezo dos alimentos e pechará granxas, segundo o sector. Concordas coa alarma?

As medidas teñen un efecto claro, a necesidade de realizar investimentos. Por tanto efectivamente penso que vai haber un incremento de custos que ten que ir acompañado de incremento dos prezos ao consumidor para garantir a viabilidade das granxas. No caso de que o mercado non sexa quen de facer fronte pode haber peches de explotacións, salvo que eses investimentos adicionais estean apoiados no marco da política agraria. É dicir, ou os requirimentos os retribúe o mercado ou deben ser apoiados con diñeiro público. En caso contrario os peches serán inevitables.

Galicia é a oitava rexión produtora de carne en España, se ben na terceira posición en tenreira, moi valorada.

Ten marxe de manobra como carne con selo ou protexida o porco celta?

Son dúas realidades moi diferentes. En Galicia houbo sempre tradición familiar de produción de carne de vacún, principalmente de rubia galega e outras razas, había masa crítica para unha Indicación Xeográfica Protexida que permitía manexar volumes e acompañouse con mellora xenética e unha elevada calidade. Isto fixo que "Terneira Galega" goce de notoriedade a nivel nacional cun volume de negocio estimado duns 140 millóns de euros anuais, é a Indicación Xeográfica Protexida con maior cota de mercado en España. No caso do porco celta trátase dunha raza de recente recuperación, sen volume de produción suficiente aínda que de moita calidade e sen dúbida pode ter moito percorrido. Pero queda por facer, tanto no que se refire á mellora da raza como na produción e diferenciación.

Malia que baixa o consumo de carne en España baixa a un ritmo medio interanual do 2,5 %, a nivel global sobe pola demanda de países en vías de desenvolvemento. Un recente informe da Comisión Europea recolle que se precisarán 3,4 millóns de toneladas adicionais de importacións. Que mercados ter en mente?

Cómpre tratar de posicionar os produtos, ou parte deles, nos mercados europeos de consumo *premium* que están dispostos a pagar un prezo elevado.

"Algúns dos que se erixen como representantes do sector primario transmiten unha imaxe continua de que todo vai mal, cando a realidade dos datos indican, na maioría dos casos, o contrario"

Isto permitiría mellorar a rendibilidade da industria cárnica galega, unha das súas eivas e que impide unha retribución axeitada aos gandeiros. Os nosos produtos cárnicos, especialmente os de vacún, son produtos de calidade cun sistema de produción que conecta coas preocupacións dos consumidores, sostible e con altos estándares de benestar animal. Pero os produtos de maior valor engadido é un dos retos da industria cárnica galega, porque o produto principal é a carne fresca e refrixerada, que é o 72 % da nosa produción. Mentres que no resto de España representa o 47 % e no conxunto da UE o 52 %.

Cales serían as reorientacións, de que tipo de produtos falamos?

Dos produtos de cuarta e quinta gama: curados, salgados, embutidos, novos cortes en carnes frescas e refrixeradas moi valorados neses mercados *premium*. E novas presentacións, formatos e envases.

O ex ministro de Consumo, Alberto Garzón, propoñía consumir menos carne e produtos lácteos para "reducir a pegada de carbono" en base a un informe encargado polo Ministerio que establece que o sector é responsable da metade do impacto ecolóxico en España, o cal semella increíble. Que hai de certo nestes datos? Porque boa parte das ganderías galegas son en extensivo axudando, por exemplo, á redución



"Ofrecer produtos de maior valor engadido é un dos retos xa que sobre todo producimos e vendemos en fresco, pero hai marxe para curados, salgados, embutidos e novos cortes en carnes", segundo Andrade

*"O aumento do número de animais nas explotacións ten que ir vencellado ao aumento da base territorial das ganderías"*

contaminantes. Esta falta de organización ten consecuencias, e unha delas é a imaxe negativa que se traslada dos efectos da produción cárnica.

**O "filántropo" Bill Gates defende que as nacións ricas deberían pasar á carne 100 % sintética mentres merca 110.000 hectáreas de terreos cultivables para producila. Será esta "carne" a que consuma a maioría da xente nun futuro polos custos en aumento de produción da animal ou ficará nunha oferta máis do mercado?**

Non me atrevo a facer prognósticos a longo prazo pero considero que se tratará dunha oferta máis, dubido moito que a carne sintética vaia a substituír á produción cárnica tradicional. Xa hai algún estudo da Universidade de Oxford que pon en dúbida o menor impacto ambiental deste sistema de produción e outros estudos que cuestionan a seguridade alimentaria e os efectos sobre a saúde destas "carnes".

**Os criadores de gando e empresarios das patronais cárnicas afirman que a Comisión Europea quere minguar a promoción. Coida que existe discriminación aos produtos de orixe animal?**

Esa decisión sería un erro grave. As axudas á promoción dos produtos agrícolas e gandeiros, parte da política agraria comunitaria, teñen beneficiado moito ao sector vitivinícola

**do risco de incendios. Predomina unha visión sobre a outra en canto a beneficios-prexuízos?**

Non son un experto pero paréceme que os datos dese informe non responden de todo á realidade e así mo transmiten investigadores que traballan neste eido. Por que unhas formas de cálculo e non outras que deixarían ao sector gandeiro en mellor situación? Por que non teñen en conta as particularidades dos sistemas de produción de cada territorio? Eu creo que ten que ver máis coa falta de organización destes sectores para defender os seus intereses fronte a *lobbys* doutros mellor organizados e que todos intuimos como máis

*"Cómpre tratar de posicionar os nosos produtos, ou parte deles, nos mercados de consumo premium dispostos a pagar un prezo elevado"*

galego que agora, xunto co cárnico, tamén é un dos que se pode ver afectado. E se finalmente acontece terá graves consecuencias, debilitará a base económica rural. Espero que haxa algo de cordura na decisión final.

**O sector do vacún cre tamén que á carne non se lle aplicou unha rebaixa do IVE por cuestións "ideolóxicas". Hainas?**

Descoñezo se se debe a razóns ideolóxicas ou non. En calquera caso non parece que esa decisión teña moita lóxica tendo en conta que o consumo de carne é esencial como fonte de proteína nunha dieta equilibrada. O razoable sería que cárnico e derivados víranse beneficiados da rebaixa do IVE, sobre todo tendo en conta que, segundo un recente informe da Asociación de Fabricantes e Distribuidores AECOC, o 98 % dos consumidores inclúena na cesta da compra.

**Malia as opinións en contra, a carne ten tamén ao seu favor correntes nutricionistas que defenden que a proteína animal é insubstituíble e dos mellores alimentos para nenos, adolescentes e mulleres embarazadas, aumenta a musculatura e axuda a rexenerar células. Hai futuro para gandaría?**

Hai futuro. A pesar da caída do consumo de carne nos países desenvolvidos hai nichos de mercado con consumidores dispostos a pagar un prezo adicional por calidade. Eu son optimista sendo consciente, ao tempo, de que o sector galego –sobre todo o de vacún de carne– vai sufrir unha fonda reconversión nos vindeiros anos. Pero unha reconversión necesaria para fortalecelo. ■



"Non creo que a carne sintética vaia substituír á produción cárnica tradicional. Xa hai algún estudo que pon en dúbida o menor impacto ambiental deste sistema de produción"

# eco

**30**  
ANIVERSARIO

REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

número 392 ■ xaneiro 2024 ■ 3,90 €

**NACHO ÁLVAREZ: “NINGUNHA FORMA DE PAGO ESTÁ EXENTA DE RISCOS”**

**JOSÉ MANUEL ANDRADE: “O VACÚN DE CARNE VAI SUFRIR UNHA RECONVERSIÓN PARA FORTALECERSE”**

**MARCOS GRANDE: “GALICIA É UN BO LUGAR PARA SER ACTOR”**

**AUTONÓMICAS 2024, HAI PARTIDO ATA O FINAL**

